



Fertiprado, tres décadas dedicadas ao desenvolvemento de mesturas de sementes biodiversas

Coñecemos a orixe e a filosofía desta empresa portuguesa, a súa adaptación á evolución do mercado e os procesos de investigación que utilizan para lograr forraxes máis produtivas, con mellor valor nutricional e adaptadas ás diferentes condicións.



EN VÍDEO

Pedro Viterbo

Xerente de Fertiprado



O éxito das mesturas biodiversas de Fertiprado estendeuse desde o sur de Portugal ao norte, logo a España e finalmente a mercados internacionais, países europeos e Sudamérica. Así, o crecemento da organización foi posible polo aumento do volume de negocio. O equipo de Fertiprado está composto por 49 persoas, creamos unha dirección de I+D, para buscar novas solucións, e investimos moitísimo no noso equipo comercial, para conseguir un valor diferenciador da empresa no mercado.”

Joel Presa

Xestor de produto



Fertiprado conta cunha ampla gama de solucións que foron desenvolvidas nos últimos anos para adaptarse ás distintas explotacións: dúas solucións Speedmix, mestura de raigrás e trevo multicorte, unha de ciclo curto e outra de ciclo máis longo; a liña Fertifeno, con dúas fórmulas de ciclo curto e de ciclo longo, pensada para corte único con alta proteína e dixestibilidade; a liña Avex, que ten a avea es-trigosa como titor, mesturada con veza, raigrás e trevo, para ter máis produción e ao mesmo tempo unha boa achega de fibra; o Tritimix, con tritcale como titor, máis dirixida para un único corte, e, por último, como novidade, a fórmula C-Mix, composta por cebada híbrida, raigrás, trevo e veza, con moi boas calidades. Doutra banda, Fertiprado non só ten estas mesturas para rotación co millo, senón que ofrece tamén solucións para pradeiras, como é a gama Mix, de alta calidade.

O segredo das mesturas de Fertiprado é conseguir o equilibrio entre a xenética de alta calidade, o coñecemento e a investigación e o seguimento técnico cos gandeiros en campo.”

Ana Barradas

Directora I+D



O noso grande obxectivo é o desenvolvemento de novas variedades coa mellor calidade e produtividade. Fertiprado foi pioneiro na inoculación de sementes e grazas ao desenvolvemento das variedades conseguimos atopar materiais cada vez máis resistentes a pragas e enfermidades e adaptados ao solo, ao clima e ás condicións de utilización.

O proceso de selección é bastante complexo e custoso. Para facer unha variedade necesitamos pasar por varias fases que duran uns cinco anos e, desde que temos a variedade homoxénea e estable, está suxeita a un proceso oficial de avaliación que dura entre dous e tres anos.

Detrás dunha das nosas bolsas está todo ese traballo de investigación co que conseguimos produtos de alta calidade, ambientalmente mellores e con boas producións.”

Carlos Garrido

Técnico comercial



As explotacións gandeiras teñen que ser xestionadas como verdadeiras empresas e o sector camiña cara a ese sentido. Fertiprado fíxose eco desta realidade e coas nosas mesturas biodiversas conseguimos aumentar a rendibilidade dos gandeiros e que as súas empresas funcionen mellor.

Ademais, un dos nosos alicerces fundamentais é o asesoramento técnico, queremos estar ao lado do gandeiro para asesoralo na xestión das súas forraxes e tamén á beira dos demais técnicos das explotacións, para dar apoio na xestión da alimentación, aspecto que representa máis do 70 % dos custos de produción dunha granxa. Estamos sempre preto para obter solucións aos problemas que xorden día tras día.”

David Crespo

Fundador de Fertiprado



Fertiprado naceu para cambiar o concepto que había das pradeiras forraxeiras, porque se desprezaba moito a calidade da herba, cando debía ser o principal.

O obxectivo foi realizar mesturas de sementes forraxeiras con leguminosas, pola súa capacidade para fixar nitróxeno, e gramíneas, porque son capaces de extraer o nitróxeno fixado polas leguminosas e aumentar a produción e a calidade. Para iso, Fertiprado debía facer investigación e dispor dunha gama ampla de especies sobre as que estudar a súa adaptación ás condicións de solo e clima para obter mesturas biodiversas que garantisen máis proteína, máis dixestibilidade, máis fertilidade do solo e máis produción.”



FERTIPRADO / **30** 30 años

MEZCLAS FORRAJERAS

30 AÑOS JUNTOS



**FORRAJE
DE CALIDAD**



**ELEVADA
DENSIDAD
ENERGÉTICA**



**ALTO CONTENIDO
DE PROTEÍNA**



**ALTA
DIGESTIBILIDAD**